

CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. E O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, PARA A PRODUCCIÓN E MANTEMENTO DA INFORMACIÓN XEOMÉTRICA E SEMÁNTICA ASOCIADA ÓS ELEMENTOS HIDROGRÁFICOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director do Instituto de Estudos do Territorio, organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, **DECLARA:**

Que o Instituto de Estudos do Territorio formalizou coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 16.03.2021 (publicado no BOE núm.102, do 15 de marzo de 2021) ata o 16.03.2025, sen prexuízo de que as partes acorden a súa prórroga, de mutuo acordo, por un período de outros catro anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A produción e mantemento da información xeométrica e semántica asociada ós elementos hidrográficos mediante servizos normalizados, conforme á Directiva 2007/2/CE INSPIRE, incorporada ó ordenamento xurídico español mediante a Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestructuras e os servizos de información xeográfica de España, que no seu Anexo I inclúe: “Os elementos hidrográficos, que constitúen o dominio público hidráulico, conforme establece o Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, incluíndo as masas de auga superficial de tipo río, lago, lagoa, augas de transición ou costeiras, as masas de auga subterránea, as zonas mariñas, así coma as concas e subconcas hidrográficas”.

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica de España, ten como obxecto complementar a organización dos servizos de información xeográfica e fixar, de conformidade coas competencias estatais, as normas xerais para o establecemento de infraestruturas de información xeográfica en España orientadas a facilitar a aplicación de políticas baseadas na información xeográfica polas Administracións públicas e o acceso e utilización deste tipo de información.

O convenio axústase ó orde constitucional de distribución competencial ó dispoñer o Estado de competencia exclusiva en materia de “lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por mais dunha Comunidade Autónoma (artigo 149.1.22º CE), mentras que as Comunidades Autónomas asumiron competencias en relación cos “proxectos, construción e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos de interese da Comunidade Autónoma” (art.148.1.10º CE); así se recolle no artigo 27.2 e 27.12 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do estatuto de Autonomía de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria dixitalmente, en Santiago de Compostela, a 7 de decembro de 2022.

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

